



IV

O pronome persoal

EXERCICIOS

1. Reescribe estas oracións substituíndo os termos subliñados polos pronomes tónicos correspondentes:
 - a. Marta e Ana estudan no instituto do centro.
 - b. Marchou coa anfitrioa a coñecer o xardín.
 - c. Para Carlos Ferro, que son eu, isto é unha agradable sorpresa.
 - d. Os veciños sodes sempre unha alegría nesta casa.
 - e. Ana virá de vacacións con Xurxo e comigo.
2. Explica que función desempeña o pronome tónico en cada unha destas oracións:
 - a. Sempre leva algunha foto da súa familia consigo.
 - b. A nós regaláronnos as entradas na librería.
3. Sinala os pronomes persoais que aparecen neste texto, despois indica se é tónico ou átono e a súa función na oración.

Na cidade as figuras simetricamente descoñecidas pasan ás presas polas rúas, cubrindo as roupaxes simbólicas dos seus cárregos e oficios con unha fina capa d pel núa por cima, produto da indefensión estremecidas baixo a primeira mirada do día. De todas estas persoas vou elixindo e repartindo, por un lado, aquelas que máis parecen asemellárseme, o que me fai experimentar a sensación de multiplicarme por min mesma até adquirir un tamaño considerábel con visos de enorme realidade entre tantos e tan altos edificios nos que non teño cabida e sei que nunca me pertencerán.

Luís Villalta, *Desperta do teu sono*

MATERIAIS DE APOIO

Libro de texto: Unidade 7. O pronome persoal (páx. 175-179)